

# A Xanela

Revista cultural das Mariñas

# A Xanela

Revista cultural das Mariñas

Nº 40

OUTONO

2015



ANTONIO CAL "PURRIÑOS"  
(BETANZOS 1940-1993)  
FOTO: XOÁN PIÑÓN

## COLABORACIÓN

Elena Veiga, Xosé Otero Canto, X. H. Rivadulla Corcón, Miguel Mato, Diana Varela Puñal, Manuel Fiaño Sánchez, Gabriela Rodríguez, Víctor Tizón, María Virginia Monteiro, Xosé M<sup>a</sup> Veiga Ferreira, Juan Sobrino Ceballos, Manel R. Mantiñán, Clodio González Pérez, Moncho do Orzán, Manuel B. Dans, Xosé Lois Sobrino e Baraxeiro.

## TEXTOS

E. Criado y Romero

## DESEÑOS

Víctor Tizón, Sabela Arias e Olaia.

COORDENA  
Suso Torres

## IMPRIME

Lugami, Artes Gráficas. Betanzos

## FOTOGRAFÍAS

Veiga, Baraxeiro, Xoán Piñón,  
Arquivo Municipal de Betanzos e Arquivo Eira Vella

MAQUETA  
Equipo Xerri

D.L.  
C - 1696 /96

Permítase e agrádese a reprodución, citando a procedencia.  
O noso e-mail: eiravellabetanzos@yahoo.com

ASOCIACIÓN CULTURAL EIRA VELLA. Rúa da Pescadaría,2.  
BETANZOS 15300. GALICIA.

## Actividades da A.C. Eira Vella

### Presentación de A Xanela nº 39

O pasado 19 de xuño a A.C. Eira Vella presentou o número 39 de A Xanela. A presentación tivo como colofón un magnífico concerto de Mini e Mero, moi aplaudidos polo público asistente, músicos de longa traxectoria na canción galega dende os inicios en Fuxan os Ventos ata a fundación de A Quenlla, hai xa trinta anos. Unha vez máis deixaron patente a súa calidade e o seu compromiso coa lingua e a cultura galega.

### Ofrenda a Suárez Picallo

O pasado 14 de outubro a nosa asociación estivo presente na ofrenda anual a Ramón Suárez Picallo no cemiterio de Sada, onde repousan as súas cinzas dende a súa repatriación en 2009. No acto organizado pola asociación cultural Irmáns Suárez Picallo participou o noso presidente quen leu un texto do escritor e político sadense.

### Edición de "Aldea lonxana"

Recentemente Eira Vella editou no Brasil en combinación co autor o poemario "Aldea lonxana", do noso colaborador

Luciano Maia, poeta de Fortaleza. O libro, que recolle "Dez poemas galegos", será presentado en Betanzos o vindeiro 8 de xaneiro, coincidindo coa visita do autor á nosa terra.

### Agradecementos

A todos os **anunciantes** (locais comerciais, empresas e entidades) pola súa fidelidade e axuda.

À **Deputación Provincial da Coruña** pola axuda que nos concedeu para a edición dos números de Primavera e Outono da Xanela.

### Sabela Arias

#### Historias de Icí e Avoa



### Victor Tizón



## O último elefante

Elena Veiga Rilo

Ábreo con máis forza! Dentro da caixa encontrou un *Teddy Bear* cunha garabata de cadros escoceses e uns lentes de plástico. Abre as demais! Tres *barbies*. Doutora, cocifeira e *vedette*. Non chores, Xulia. Unha cocifea con microondas e *thermomix*. Un *nenuco*. Xulia non parou de chorar porque cumpría tres anos. Come torta! Amorodo e kiwi con nata de montar. Súa nai insiste. Non quixo torta polos nervios da exhibición de patinaxe do domingo. Pecháraselle o estómago. Tampouco quixo saír nas fotos nin baixar ao soto.

O señor Senén non puido ser taxidermista, non conseguiu continuar co legado familiar e tampouco foi capaz de saír daquela sorte de tumba animal que era a súa casa. Un ornitorrinco coxo apúntao co dedo dende que cumpriu, el tamén, tres anos. Nalgún tempo puxéralle nome pero hoxe só está alí canda el, os dous pechados naquel soto sen ventás e cheiro a humidade e poliuretano, naquel museo dos horrores cheo de animais con taras. O seu pai gardara naquel soto insalubre todas as pezas que non eran aptas para seren expostas: un lobo pardo sen a orella esquerda, catro corzos sen sorte nin cornos, un lince ibérico sen pelo, unha cabeza de elefante e ao seu fillo.

O señor Senén pasara a infancia naquel zoolóxico inmóbil sentindo o calor do soprete e desenvolvendo o seu cuarto sentido: o tacto. Modelaba ollos de elefante con ansiedade, mentres

escoitaba nocturnos de Chopin. Gustáballe a música porque non tiña que vela e non quería ter que imaxinar cousas que el non coñecía. O único que imaxinaba eran os ollos dos elefantes, entre os seus dedos, tratando de alcanzar coa súa produción ininterrompida a perfección: dous ollos de cristal azuis, tristes pero que fixesen que aquel elefante vise, nun exercicio egoísta de proxección no outro, vendo así por fin el tamén.

Obsesionárase con aquela cabeza de elefante que non podía ver, con aquela cabeza de elefante vello e cego que se tiña apartado da manada para morrer só, como fan todos os elefantes vellos, e fora atrapado por un cazador que lle aforrou tempo. Ninguén lle ensinara a escribir en braille nin a saír daquel soto. Na súa escuridade permanente imaxinaba o corpo morto do seu pai conservándose en estricnina. Descansaría en paz entre o lince ibérico e o ornitorrinco. Nada diso sucedeu, o pai do señor Senén de sete anos morreu dun infarto e soterrárono no nicho familiar, sen estricnina.

Hoxe o señor Senén saíu do soto e entregoulle unha caixa chea de ollos de elefante á súa neta como agasallo polo seu terceiro aniversario. A Xulia dáalle medo aquel home que non a mirara nunca. Dálle as grazas ao avó! O señor Senén apartábase esa noite da manada. Xulia continuou chorando e lambendo os restos de amorodos e nata montada das fazulas.



ILUSTRACIÓN: OJAIA

# Fernán Pérez Parragués

Fernán Pérez Parragués,  
podes estar ben coitado!  
Señor da Póboa de Parga,  
Corrixidor nomeado  
polo rei para A Coruña  
despois de todo o pasado.

A túa filla Berenguela  
ao de Andrade enviuvado  
fai lle moita picardía  
sendo segunda ao seu lado,  
xenro de dous inimigos  
e coas fillas casado,  
primeiro coa de Lanzós,  
despois ben arrimado  
coa túa filla Berenguela.  
Podes estar ben coitado!

Non sei que ten o teu herdo  
pois teu fillo máis morgado,  
Ares Pardo das Mariñas,  
quixo que fose nomeado  
coa casa de súa nai,  
e do seu pai motivado  
obviou o apelidado.

Fernán Pérez Parragués  
podes estar ben coitado!  
A Alonso de Lanzós  
lévalo enferrollado  
para entregarlo aos Andrade  
nas mazmorras agrilloado,  
e sen ningún miramento  
subilo á almea e colgalo;  
mais foi posto en liberdade  
un vinte e cinco de maio  
de mil cincocentos oitenta  
en testamento outorgado  
na cidade da Coruña  
e ben se le o mandado  
que enterrasen ao irmandiño  
no gran convento finchado  
de san Francisco devoto  
da causa irmandiña prelado.

Fernán Pérez Parragués  
podes estar ben coitado!

**Xosé Otero Canto**



IMAXES XACENTES  
DE PERO FERNÁN-  
DEZ DE PÁREGA E A  
SÚA DONA VIOLANTE  
NÚÑEZ PARDO, PAIS  
DE FERNÁN PÉREZ  
PARRAGUÉS,  
ENTERRADOS EN  
BETANZOS.



DESEÑOS DE XOSÉ  
ANTÓN GARCÍA G-  
LEDO (FALECIDO O  
DÍA 7 DE AGOSTO DO  
PRESENTE ANO), DA  
SÚA OBRA "AS IMAXES  
XACENTES DA EIREXA  
DE SAN FRANCISCO  
DE BETANZOS" (1983)

## Tatuaxe sen dono

Prometo non empeñar a miña pel  
na pel do contrario,  
contar as nosas articulacións  
e medir os puntos de contacto,  
prometo non meter as miñas ás no mesmo saco.

Prometo, cando chegue decembro,  
non facerme unha tatuaxe sen dono.

Prometo non consentir que (outra vez)  
a transición dos nosos corpos se faga a medias,  
que as cicatrices se renoven en sal  
prometo non deixar os nosos ósos nas cunetas,  
nin subir ao trono ao capital.

Cando chegue decembro, prometo.

**Gabriela Rodríguez**

## Adeus, capitán Walton (fragmento)

**Miguel Mato**

**N**os xardíns de Vila Diodati, alugada a un xudeu chamado Frankenstein, uns amigos poetas gozan da noite escribendo cadansúa historia que logo len aos demáis. Ela vai escribir un relato que fascina aos outros, aínda que non o cheguen a comprender.

Saben que as estrelas se apagaron e no seu interior senten que isto é metáfora dun tempo. Turner pintara daquela un ceu no que as cores vermellas entolecen dispersas. Como as cinzas dun volcán sobre a terra, tinxindo o ceu dun vermello intenso. Sangue sobre as cabezas no xardín da Vila Diodati, sobre as estatuas que claman berros inarticulados.

No decembro daquel inverno, o órgao da catedral de Santo Nicolás, en Oberndorf, permeneceu silencioso. O frío calara as súas notas, entumecera as teclas. Ao fin sobreviviremos ao remate da noite, ás estrelas. Non haberá bágoas para o inverno. En veráns remotos traspasamos o silencio das tardes coa luz dos corpos e a area até o día agonizar nun océano abrasado de aves e palabras. Era unha voz, só unha voz alguén non deixa de chamar; un aceno polas fendas da noite que espalla a voz, medra como unha sombra a nacer na tarde.

Adeus, capitán Walton. Non voltarei molestado, señor. Farei unha viaxe moi longa moi longa a través dos xeos polares na procura do meu destino. Adeus, capitán Walton. Xamais regresarei, dea por descontado isto, aos vales onde florecen as laranxeiras. Para sempre hei morar soterrado nas furnas de xeo onde gardar as miñas palabras, para sempre a miña triste ollada amarela. Para to buried my memory, My Captain.

## Danza de brindes ou alianza

Diana Varela Puñal

**C**hegaron á taberna coa ollada perdida, un a carón da outra sen dirixirse a palabra atravesaron o local coma un refacho de vento sentaron os autómatas á mesa de madeira que semellaba tiñan elixido de antemán.

Ela revirou no bolso en sepulcral silencio, el, co cóbado apoiado na táboa e a man na face, ollaba en dirección á saída con indiferenza e fastío.

Chegou a taberneira cunha botella de viño e pousouna no medio e medio da mesa, dúas copas, encheunas con invariable silencio valeiras cheas grola a grola unha trala outra.

Non abrollou unha palabra, un fio de mirada entre aquela desconcertante parella o único xesto encher as copas as dúas a un tempo en cómplice danza de brindes, invisibles para o resto.

Para que mirarse?  
Para que palabras?

Se estaban unha a carón do outro, eternidade, besbellan confidencias na súa linguaxe secreta alianza.

Outono do 2015



ILUSTRACIÓN : SABELA ARIAS



## O ceo de Betanzos

Hai un ceo en Betanzos que parece humano, un ceo claro de azul case branco e nubes tamén dun branco que parecen espazos abertos no azul case branco do ceo.

Cando a soidade faise comigo en Betanzos o ceo parece mirarme, observarme, pero é un mirar, un observar como de ser que quere protexerme.

O ceo de Betanzos protexe.

Parece envolver a vida, contela, é un ceo recipiente, ola de arxila onde gardar a vida.

E así a miña vida parece ser gardada no ceo e quedar protexida por este ceo de Betanzos protector.

A soidade é menos soidade gardada na ola do ceo, e a vida parece que será eterna, que se conservará no ventre arxiloso da ola ceo de Betanzos.

Sigo en soidade por estas rúas sentíndome contido no ceo e esta sensación de eternidade fai comprender o valor da soidade, unha soidade para entenderse a si mesmo.

Nunca un ceo foi como o de Betanzos para acollernos e facernos sentirnos a nós mesmos.

**X. H. Rivadulla Corcón**



# Ausencias

Manuel Fiaño Sánchez

**M**eus queridos pais:

Que estraño se me fai escribivos. De feito aínda non sei se rematarei ou non esta carta.

Moito me doe a vosa ausencia. Desde que estou recluído neste hospital boto de menos moitas cousas que antes me parecían insignificantes: o canto dos grilos, o refrescante sabor da cervexa, as cores das árbores no outono... Ninguén ven visitarme, agás as enfermeiras e os médicos. Un silencio abafante envolve os corredores e coloniza tódolos recunchos. So de cando en vez algún berro rompe a quietude deste lugar. Estou so neste cuarto con reixas na xanela. Non falo con ninguén. Cando os demos que viven na miña cabeza adormecen eu cavilo.

Ao principio da miña estadía aquí viñan visitarme algúns amigos e tamén viñeron unha vez ou dúas aqueles curmáns da mamá que vivían pola parte de Ferrol. Pero pouco a pouco as visitas foron espazándose ata desaparecer. Agora non ven ninguén. Semella coma se eu non existira ou fora tan só unha lembranza de alguén que un día camiñou por este mundo.

Estou aquí desde aquel mes de san Xoán no que me atoparon tirado na cama cunha chea de pímulas no estómago. Eu non me lembro de nada. Mellor así. Os recordos non traen cousas boas, só melancolía e frustración.

Escribo por indicación médica.

Hai pouco chegou un médico novo que propuxo unha nova terapia: que me dedicara a escribir. Que escribira o que se me ocorrera, pero que escribira, que iso íame aliviar esta angustia que sinto dentro do peito. Escríballe a quen vostede queira, pero escriba, baléirese no papel e deixe correr a imaxinación. Verá que ben se vai sentir, dixo. Poida que estea no certo.

Pero eu non teño ninguén a quen contarlle estes pensamentos que me atormentan. Non teño en quen apoiarme para carrexar esta pesada carga que me esmaga.

Nun principio pensei escribirlle aos pais de Mónica. Recuei. Non son quen. Nin sequera puiden

achegarme a eles tralo accidente. O fatídico accidente. Mil veces quixen pedirilles perdón, pero non puiden pola miña covardía. A mesma covardía que me levara a introducirme no escuro mundo das drogas. Un inferno que pouco a pouco se foi facendo máis profundo. Unha e outra vez venme á mente a imaxe de Mónica, morta, esmagada polo coche no que viaxabamos, o coche que eu conducía, totalmente colgado.

Mónica estaba chea de vida, de alegría, de proxectos... Ela non consumía, pero a min quería e sempre estaba ó meu carón. Lembro o recendo do seu pelo acariñándome docemente mentres deixabamos voar os nosos desexos. Ás veces non me lembro ben da súa faciana e teño que imaxinala. Agora a súa ausencia acoitélame constantemente.

Todo mudou aquela noite, aquela fatídica noite na que morreu Mónica, na que inconscientemente a matei. Ali remataron todos os nosos soños e tamén morrín eu un pouco.

Por iso esta carta é para vos que, aínda que levades case seis anos mortos, sodes o cordón umbilical que me une a ese universo no que un día malvivín.

A miña vida causovos a morte, ben o sei. Sen decatarme fun tecendo unha tea de araña que vos envolveu e vos afogou na tristura. Eu íame consumindo coas drogas e vos íades caendo comigo, sufrindo por min, vendo como a miña vida se ía polo sumidoiro.

As gadoupas desa besta invisible atrapáronme a min pero tamén a vos, e pouco a pouco fostes perdendo ao fillo que tiña que agarimarvos na vosa vellez. Sinto tervos fallado.

Agora todos estamos sos. Vos nesa inmensidade da nada e eu nesta inmensidade da ausencia.

Se cadra o novo doutor ten razón e escribir fai que o meu mundo recupere algo de sentido. Non sei. Ao mellor paga a pena intentalo.

O voso fillo que nunca tivestes




AS PARTES DA BANDEIRA SON:  
GAZA, VAINA, PANO, PUNTO DE  
BIGORRILLA, ORILLO, VARÓN,  
EMPALOMADURAS E COSTURA,  
MEU SARXENTO...



¿E A RABIZA?  
¿ONDE DEIXOU VOSTEDE  
A RABIZA, MONTE  
DE MERDA?...



... PERDOE  
MEU SARXENTO,  
ESQUECÍN A  
RABIZA...



¿ESQUECEU A RABIZA,  
FOL DE PEIDOS?...  
¡VOULLE METER UN  
PAQUETE DE TRES  
PARES DE COLLÓNS!



COMO NON HAI MOITO AQUEL  
POR AQUÍ CON QUEN FALAR,  
BARALLO EU A MIÑA  
MANEIRA ...



HEMORROIDES  
PILLOU AVERROES  
EN MONROVIA ...



GÚSTAME POUCO ISTO...  
POR NON DICIR NADA...



AGREGA A MCGREGOR  
QUE É GREGARIO ...

¿É A  
GREGARIO?...

NON, QUE  
SEGREGA...

continuará...

## O(s) pranto(s)

Maria Virgínia Monteiro

Envolveu a criança na toalha estendida sobre a cama estreita onde costumavam dormir ambas. A água do banho fumegava ainda ligeiramente na selha de madeira, ali ao lado. Enxugou-lhe primeiro a carita, depois o corpo, os pés, as mãos minúsculas.

Olhava-a, com os olhos extasiados das mães ainda incrédulas da sua plenitude, e erguiase-lhe a voz, numa melopeia cantante de ternura, subía de tom em algumas sílabas, prolongavase, de forma aguda e estranha, mais um grito do que um canto: "...minha fiiiiiii-lha!... Meu tesoiiiiirro!... minha princêeeeeeesa!... Seguía, inconscientemente, um ritual antigo da região, vindo sabe-se lá de que remotos tempos, de que longínquos antepassados; grito só reservado às mulheres, expansão de ternura em alegres momentos e estranhamente parecido com outros sons, habituais, esses, em outras situações bem opostas, as grandes dores, as grandes queixas do luto.

Ela cantava assim, ou entoava as palavras como se cantasse, ou como se as gritasse, na sua adoração pelo pequeno ser que gerara; festejava a vida quase da mesma forma exacerbada como, nessa tradição recebida, choraria a morte... E os excessos sentimentais e vocais saíam-lhe da garganta arrastados e agudos, atravessavam a janela minúscula e chegavam à rua quieta e ensolarada.

A casa era muito pequena, como a maior parte das casas da aldeia. Uma estreita escada de pedra e um pequeno patamar, ambos sem resguardo, davam acesso ao piso superior, um só quarto, de tecto pouco acima da altura de uma pessoa. Por baixo ficavam a cozinha escura, sem janela, e a loja onde o senhorio, o senhor Francisco barqueiro, largava os apetrechos da sua profissão.

Na povoação, muito pequena e perdida nas lonjuras durienses da fronteira com a Espanha, os barcos de transporte para a outra margem do rio e a pesca, abundante na época, eran os únicos modos de vida possíveis.

A ponte fronteiriça e o respectivo posto alfandegário, a verdadeira razão do pequeno aglomerado de casas e pessoas.

A estação destinada a desaparecer da rede dos caminhos de ferro nacionais, bastantes anos mais tarde, ajudava então a explicar o melhor aspecto de algumas casas, residencia de funcionarios da C.P., Correio e Alfândega, para ali "deportados", naquele "fim do mundo" de mosquitos e paludismo, calor e isolamento, num começo de século já marcado pelos avanços civilizacionais.

Enterrada nas faldas dos montes vizinhos, a aldeia enfrentava o Águeda, na sua confluencia com o grande Douro, suportava-lhes as enchentes, mas deles vivía, também.

A pequena Amélia andava na rua, a brincar com duas vizinhas da mesma idade. Descalça e a "pé coxinho" saltava a macaca, único brinquedo possível para quem nao conhecia brinquedos, em época de pao difícil, o pai nos brasis, a mãe morta há que anos, a avó velha, a trabalhar à jorna, na apanha da amêndoa, da azeitona e da uva.

Sapatos para pular na terra quente, só aos domingos, quando vinha o padre da aldeia vizinha dizer missa na capela minúscula.

A pequena parou, hesitou um instante apurou o ouvido.

Eram grandes amigas, ela, nos seus nove anos e Isabel, a da voz que lhe vinha de cima, com pouco mais do dobro da sua idade, mas toda compenetrada já nas suas responsabilidades de mãe-solteira. Como não tinha com quem conversar, Isabel fazia da pequena amiga sua confidente. Contara-lhe: o pai, desconhecido, a mãe a morrer-lhe tão cedo, ela, pequenina, entregue à tia solteira, Isaura de nome.

A herança dos avós, amendoais, oliveiras e vinhas, dispersos nas alcandoradas margens do Além-Douro, perderá-a, às cartas e aos dados, um irmão da mãe e da Isaura, um tio mulhengo e dispador, em terra espanhola, fronteiriça. Sem casa nem bens, a tia e a sobrina. O trabalho, difícil, para uma mulher, para ali tinham vindo, a tia a lavar as roupas dos outros, os mais abastados, com rendas do estado. O pao negro de ambas crescera. E morrera a tia. E ainda que nova, quase uma criança, achara um emprego na vila, ali perto, sede do concelho, com gente de posses, tribunal, finanças.

O trabalho muito, salário pequeno. Mas que outro fazer para uma mulher, em terras tão remotas, onde revoluções e mortes de rei, repúblicas e governos eram só palavras quase sem sentido?

Criada, “de sala”, das seis à noitinha, lavar, esfregar, brunir e servir... Nem ler aprenderá, soletrava apenas. Que outro fazer?...

E ali nessa casa onde achara trabalho, alguém a olhou, alguém a quisera, alguém que ela amara. E depois não a quis. Tal qual como ela, nascera pois sem pai, a filha, Emília. Entre dores e prantos...

Muitas vezes Amélia vira a sua amiga chorar, ainda grávida. Algumas vezes, depois. Mas por fim, acamardando ambas na contemplação das graças da pequena Emília, nunca mais Amélia surpreendera lágrimas nos olhos da outra, tão mais mulher, já uma “senhora”...

Até que... agora... Prestou atenção. A voz de Isabel, que dizia?... Era verdade?...

Pareciam gritos, choro...

Subiu a correr as escadas de pedra, abriu a porta e enfiou o focinho, de criança mal nutrida e queimada do sol inclemente. Parou a olhar. Só via a outra, de costas, curvada sobre a cama, em atitude que lhe pareceu inequívoca. A voz saiu-lhe num grito angustiado: - “Senhora Zabel!... Que foi?... morreu a Mila?...”

O coraçãozinho quase lhe parava no peito, assustado, na pior das previsões; a sua experiência auditiva ligava aqueles sons, agora ouvidos, às mortes, aos prantos funerários.

Só recomeçou a bater, forte, alegre, quando a amiga se voltou, sorrindo-lhe e erguendo nos braços a pequenita, seminua, mas já lustrosa e contente do banho.

E riram as duas, do engano, alegremente, às gargalhadas, duas criaturinhas desvalidas e frágeis, unidas no amor a uma outra criatura, ainda mais frágil e mas desvalida, não fora o ter no mundo as ternuras juntas, de uma e da outra.

(De “Os Tempos e os Sinais”, em edição?... Em “espera”... apenas!...)

Nota.- Nas páginas deste “conto”, há como que uma breve imagem/pintura, da sociedade rural dos primeiros anos do século vinte, na região do Além-Douro. Situada, esta, na confluência de dois rios -o Douro e o Águeda, a “Barca d’Alva” é uma pequena aldeia fronteiriça, só separada da vizinha “Freijeneda”, por uma ponte, a ligar Portugal e Espanha... Terminal, de uma linha dos caminhos de ferro portugueses (C.P.), de percurso caracoleante, entre Douro-rio e Douro-pedra... de paisagem única, entre fráguas e águas... e águas... e vinhais... M<sup>a</sup> Virgínia Monteiro.



ILUSTRACIÓN : OLAIA

# Antonio Cal “Purriños”

## Vivir para a música

A.C. Eira Vella

Antonio Cal, membro dunha familia de San Mamede no concello de Paderne que se trasladaría a vivir a Betanzos, naceu nesta cidade o 26 de agosto de 1940, no 1º andar da casa nº 83 (actual 61) da rúa da Ribeira (Rexistro Civil de Betanzos. Acta de nacemento, tomo 71, folio 161, sección 1ª). A familia mudouse posteriormente ao número 5 da rúa do Mandeo, segundo o padrón municipal de 1950, onde esta aparece composta por Antonio Cal Purriños, de 40 anos, camareiro; a súa dona Rosa Vázquez Barreiro, de 40 anos; e os fillos Carmen, de 18 anos; Alicia, de 17; Antonio, de 10, e Rosa María, de 7 anos; os dous últimos nados xa en Betanzos.

O seu pai, Antonio Cal Purriños, coñecido por Purriños ao igual que o fillo, fora tamén músico e tocaba o saxofón e o clarinete. Aprendera na banda municipal de Betanzos polos anos vinte. Tivo varias orquestras, coñecidas popularmente por “a música do Purriños”.

No libro *Orquestras populares das Mariñas* (Concello de Betanzos, 2006), de Xulio Cuns e Xosé Mª Veiga, aparecen unhas pequenas biografías de pai e fillo con senllas fotos deles tocando o saxo en actitude moi similar. Tamén aparece outra coa formación da TMB Jazz Band que dirixía este último. Sobre Purriños fillo din os autores:

«O fillo, en canto puido manexalas baquetas, xa empezou a tocar a batería nas orquestras. Ao rapaz íalle o da música e logo aprendeu a tocar varios instrumentos, aínda que os que mellor se lle daban eran o saxo e o clarinete. Marchou para América do Sur e despois a Londres, onde seguiu perfeccionando a interpretación, chegando a destacar como un mestre do jazz.

Estivo vinculado sempre á música, incluso participou na montaxe do espectáculo de



ANTONIO CAL POR  
DEBORAH THOMAS (?). 1980  
(NA AULA DE CULTURA MUNICIPAL XULIO CUNS)

Xesucristo Superestar con Camilo Sesto. Cando chegou de volta a Betanzos creou e dirixiu a Orquestra de Jazz e tamén a Banda Municipal de Betanzos.»

Logo da súa estada en Brasil, Venezuela e outros países americanos recalou en Londres, onde casou cunha vasca, Nati, coa que tivo dous fillos: Rut e Toni.

Se en 1975 participou no musical “Jesucristo Superstar”, en 1976 fíxoo na gravación do disco de rock progresivo “*Los andares del alquimista*”, obra do compositor Alfredo Carrión, tocando flauta e saxo. Por esa época mantiña un club de jazz en Torremolinos e formaba parte do grupo andaluz Onice Jazz Quartet, actuando no Festival Internacional de Jazz de Sevilla en 1981.

De volta en Galicia formou parte do grupo coruñés Clunia Jazz, formado por Nani García (piano), Baldo Martínez (contrabaixo) e Fernando Llorca (batería).

No seu Betanzos natal foi director da Banda municipal de música, que se estaba a reorganizar logo de varias décadas da súa desaparición, e impulsor de moitas iniciativas musicais: Taller de Música de Betanzos, Antonio Cal Big Jazz Band, Antonio Cal Jazz Quinteto

Antonio Cal Vázquez, “Purriños”, ou “Purri” para os amigos, faleceu en Córdoba o 27 de xuño de 1993 aos 52 anos.

En xullo de 2007 Imaxina Jazz Orquestra, dirixida por Nani García, clausurou o Festival de Jazz de Vigo homenaxeando a Antonio Cal, “un enfant terrible que fixo valer a súa dignidade por enriba de todo”. E tivo que selo porque, como lembrou García, “él so foi a primeira xeración de músicos de jazz galegos, logo viñemos os demais”. (“En la senda de Antonio Cal”, *El País*, 3 de xullo de 2007). E máis recentemente, en 2014, Roberto Somoza Trío sacou o disco “Cal y Arena”, homenaxe a Antonio Cal.



PURRIÑOS AO SAXO CON "CLUNIA JAZZ": NANI GARCÍA (PIANO), BALDO MARTÍNEZ (CONTRABAIXO) E FERNANDO LLORCA (BATERÍA). (ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS)

## EN BETANZOS

A publicación local *Anuario Brigantino* fíxose eco durante varios anos das actividades e colectividades musicais postas en marcha por "Purriños" en Betanzos. Así, o *Anuario Brigantino* de 1985 recollía que o Taller de Música de Antonio Cal, formado por catorce músicos de Betanzos e comarca, actuara o 2 de novembro dese ano na segunda xornada do III Festival Internacional de Jazz da Coruña, xunto ó cuarteto de George Adams e Dom Pullen, e o 20 de decembro actuara nas III Xornadas de Aproximación ó Jazz" patrocinadas polo Concello de Betanzos. Ao tempo que alertaba sobre a posible marcha do músico:

«A actividade do músico Antonio Cal "Purriños" foi moi importante dende a súa volta á cidade logo de actuar nos máis diversos rincóns do mundo. Por desgracia, este ano 1985 pode ser o último desta xeira en Betanzos, xa que as dificultades económicas parece que o levaron de novo a tocar por outras latitudes. De tódolos xeitos, mentres estivo demostrou que hai moita xente que lle interesa a música e cabe pensar que músicos como o trompetista José Pita e outros manteñan vivas esas inquedanzas.»

O *Anuario Brigantino* de 1986 facíase eco das colectividades musicais postas en marcha por "Purriños" e incluía unha foto deste tocando o saxo:

«TALLER DE MÚSICA DE ANTONIO CAL  
Este taller leva desaparecido hai cerca de un ano. Tiña unhas 50 persoas traballando directa ou indirectamente, tendo que rematar as súas actividades musicais, según don Antonio Cal, ó parecer por falta de axudas

institucionais. Contaba con ensino de solfeo, 2 grupos de rock, 1 grupo de break-dance, ensino de instrumentos e unha orquesta de Jazz. Esta aínda sobrevive e esperamos que non samente se manteña senón que o taller volva a dar ilusión a tantos que queren estudar música (Betanzos e as Mariñas sempre foi terra de músicos).



PURRIÑOS COA BANDA MUNICIPAL DE BETANZOS QUE SE ESTABA A REORGANIZAR BAIXO A SÚA DIRECCIÓN, LOGO DE VARIAS DÉCADAS, EN 1991. (ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS)



TMB JAZZ BAND: BRANDARIZ, PIANO; JUAN PAZOS, BATERÍA; ALFONSO MORÁN, CONTRABAIXO; MIGUEL, GUITARRA; SAXOS: ANTONIO CAL, LITO, PACO, PACO PRESEDO E MARCOTE; TROMBÓNS: VIRGILIO, CRESPO, ARCADIO E FERNANDO; TROMPETAS: TONECHO, PEPÍN E JOSÉ PITA. ANTONIO CAL "PURRIÑOS", DIRECTOR. (ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS)

A "ANTONIO CAL BIG JAZZ BAND DE BETANZOS" está composta por 19 profesores, sendo unha das mellores orquestras de Jazz de España nestes momentos. Debido ás dificultades dos desplazamentos, samente actúa en 3 ou 4 concertos ó ano, que neste 1986 foron: 2 patrocinados por Caixa Galicia na Coruña; 1 dentro do "IV Festival Internacional de Jazz da Coruña", e tamén, en decembro, como xa é tradicional, actuación patrocinada polo Concello de Betanzos nas "Xornadas de Aproximación ó Jazz".»

O *Anuario Brigantino* de 1991 recolle a actuación da "Antonio Cal Jazz Band" nas VII Xornadas de Jazz de Betanzos.



No *Anuario Brigantino* de 1992, que inclúe unha foto de Purriños, dise unicamente: «O grupo Antonio Cal Jazz Quinteto actúa o 3 de xaneiro de 1992 nas VIII Xornadas de Jazz.»

Por último, o *Anuario Brigantino* de 1993 lembra a desaparición de Purriños cunha pequena necrolóxica e unha fotografía no apartado "Acontecementos do ano":

«27 de xuño de 1993

Faleceu na cidade de Córdoba, ós 52 anos de idade, D. Antonio Cal Vázquez, "Purriños", gran mestre que foi de música de jazz, á que dedicou boa parte da súa vida. A el debémoslle o renacemento musical de Betanzos dos últimos anos, labor que realizou desde o seu cargo de Director da Banda Municipal, á que lle soubo dar ese pulo necesario para a súa formación e consolidación. O seu carácter afable e campechano convertiuno nunha persoa non só coñecida, senon popular e querida. Desde o *Anuario Brigantino* lembrámolo con recoñecemento e agarimo.»

PURRIÑOS NOS CANEIROS COA CHARANGA "OS LOITEIROS". (ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS)



# “I love you Purriños”

Manel R. Mantiñán



PURRIÑOS RETRATADO POR XOAN PIÑÓN. 1983

**C**oñecín a Purriños nunha fantástica noite dos anos 70 con Pedro Abelenda no antigo clube Dorna da Coruña.

Dende aquela comezamos unha fonda amizade que se foi fortalecendo cos anos a través do Jazz e dos nosos encontros nocturnos nos locais onde el ía actuar. Tocaba o saxo tenor, soprano e alto. Con este último conseguía un son potente, áxil e seco ao xeito de Art Pepper.

Conversabamos sobre Jazz; el oíame, pero non me escoitaba. E entre os seus whiskis e os meus gintonics falabamos de Parker, de Henderson, de Rollins... pero “Purriños” sempre saía cunha das súas frases favoritas: “a min o que me gusta é Dexter e ao carallo...” referíndose loxicamente a “The Panter”, isto é, a Dexter Gordon.

Non é a miña intención disertar aquí sobre o seu grande talento pero si falar do seu xeito de ser, polo que vou referir unha anécdota que presenciei no pub Filloa da Coruña.

Estaba actuando neste clube da rúa Cega un novo grupo madrileño de Jazz e de alí a un pouco de estar tocando, dáme Purriños un cobadazo e

chíscame un ollo; bota a man debaixo do seu asento, saca o seu saxo alto e sitúase diante dos músicos sen pedir permiso. Comeza a improvisar a toda velocidade e nun ton alto sobre o tema que eles estaban tocando. Executaba como só el sabía facelo. Os de Madrid non pararon, pola contra continuaron co tema dun xeito “máis suave”, como se non deran creto ao que estaba a pasar co súper-marciano que subira ao escenario e que tocaba case como Charlie Parker. Categoría a do betanceiro pois só el era quen de cousa tal!

Mágoa, Antonio, que dende hai xa uns anos non te podo levar pola noite á túa casa de Betanzos camiño da miña de Oleiros, logo de tomarlle a penúltima no Orzán.

E lembrando isto estou a escoitar esa gran versión de Tenderly que fai Dexter Gordon no seu vinilo “Dexter Gordon blows Hot and Cool” de Jazz Wax Records.

(texto publicado no blogue: [xoanpinon.blogspot.com](http://xoanpinon.blogspot.com) reproducido con autorización do autor e blogueiro.)

## Santa María de Castro

**Xosé María Veiga Ferreira  
Juan Sobrino Ceballos**

A parroquia de Santa María de Castro está composta por: Bañobre, O Bullo, O Outeiro, A Ponte Baxoi e Viadeiro. A delimitación da parroquia no castro de Ensenada a mediados do século XVIII era a seguinte:

*“...princiando sus lindes por menor en la parte del L coxiendo al N lo haze en un arroyo nombrado Telleira, de allí siguiendo el mismo arroyo avajo a un marco loseno nombrado Lamamá [Pola zona do desguace.Había unha ponte por abaixo creo que agora está tapada]; de allí a otro marco de cantería nombrado Porto dos Carros que es el N de allí cojiendo al P. Se va a un arroyo nombrado de Jario asta un marco de pizarra, que se nombra O Cao; de allí siguiendo el mismo arroyo abaxo se va a una peña Loseña nombrada del Señal, que es el P.de allí coxiendo al S. Se va todo a la orilla dela Ria mar que va a Betanzos asta una fuente nombrada de Telle, de allí se va a una modia nombrada do Juncal de allí a una peña de pizarra nombrada Gallamonde, y fuente Lega que es el S. Y de allí coxiendo al L. Se va a un sitio nombrado Caldo Valiño, de allí a otro sitio nombrado a Pedreira, de allí a una peña nombrada Viñas de Orta; de allí a una fuente nombrada dos Mouros; de allí al arroyo nombrado tilleria y primera demarcación...”*

A “Fonte dos Mouros” que servía de demarcación, polo topónimo ten relación co próximo Castro dos Mouros, aínda que xa en Leiro. A fonte está agora cegada, e próximo ela, había un pino centenario (medía 5,20 m de perímetro) que por erro foi cortado hai pouco tempo.



A PONTE BAXOI E A IGREXA PARROQUIAL DE CASTRO COA CAPELA ADOSADA DA PRESENTACIÓN.

O nome da parroquia alude ó Castro, que é a testemuña mais antiga de poboamento da parroquia. Non sabemos das características especiais deste antigo asentamento para que en plena Alta Idade Media fose cristianizado coa instalación na súa croa da igrexa de Nosa Señora. Pero non foi unicamente a instalación da igrexa o que motivou o deterioro das estruturas do castro, senón que tamén lle afectou de forma considerable a construción a finais do século pasado, do novo cemiterio, dalgunha casa particular e as pistas de deportes.

Atravesa a parroquia de Castro o coñecido como “Camiño Inglés” a Santiago de Compostela, que vai polo lugar de Viadeiro e baixa a empinada costa ata a Ponte Baxoi, para logo pasar por Bañobre e Miño. Era por este mesmo camiño que ían os antigos romeiros con dirección a San Andrés de Teixido. Esta mesma dirección levaba en 1745 o frade Martín Sarmiento, quen realizou algunhas anotacións relativas á Ponte Baxoi e á costa de Viadeiro, da que dixo “era penosa de baxar”.

A ponte Baxoi actualmente está nun discreto segundo plano, separada uns metros da nova estrada e, á beira dunha pequena área recreativa. Presenta unha disposición alombada e ten un so arco; posiblemente tivese a súa orixe en época medieval.

O entorno da ponte actualmente non ten nada que ver a como era noutros tempos. Alí celebrábase feira o 11 de cada mes. Segundo Carré Aldao (Xeografía de Galicia) nos anos trinta do século XX, xa non se facía, e di o autor “sería conveniente se restableciese”. O campo, segundo dicían, era moi extenso, polo que podía ser que ocupase a horta



do mosteiro de Caión, da que fala Santiago Daviña para o século XVI. Había mesmo un batán para facer panos que pertencía ó Rei, ó que se fai alusión a mediados do século XVIII no catastro de Ensenada, aínda que para daquela xa estaba ruinoso. Outro elemento das inmediacións era o muíño de dúas moas de propiedade particular. Contábase así mesmo, con varias tendas de comestibles, tecidos, ferreterías, tabernas e casas de comidas.

Da ponte abaixo polo río Baxoi había, segundo Carré, bos carpinteiros de Ribeira, como o de Antonio Sande Porto (*La Voz de Galicia*, 12-01-1924), e incluso se exportaban madeiras polo chamado “*Porto-Chico*”.

Con respecto a Viadeiro hai que resaltar o seu valor etnográfico, aínda que nos últimos anos botáronse a perder varias das antigas construcións, a pesares de estar á beira do camiño de peregrinación.

Viadeiro, segundo Manuel Martínez Santiso na *Historia da cidade de Betanzos* (1892), na época da invasión napoleónica foi escenario dunha loita entre paisanos e as tropas francesas. Segundo parece, no traxecto Betanzos-Ferrol as tropas francesas tiveron que loitar coas guerrillas organizadas de labradores de Bañobre, Castro, Leiro, Andrade e outras parroquias que, apostándose no lugar de Viadeiro, dispararon sobre o groso do exército. Mesmo refire o historiador, que neste mesmo lugar unha avanzada francesa foi aniquilada polos veciños.

Viadeiro foi cabeza do coto de Leiro, na suprimida provincia de Betanzos, e posteriormente coa formación dos concellos, pasou a albergar o edificio do concello de Castro. O lugar que ocupaba era onde hoxe hai unha pequena área recreativa, no alto da costa. O concello de Castro tiña como enseña no seu cuño unha balanza e enriba un sable e unha maza. Trasládouse a capitalidade para Miño o 8 de setembro de 1919 (Núñez Lendoiro, *Betanzos e a súa comarca*, xullo de 2000).



CAPELA DA DA PRESENTACIÓN  
E CAPELA DE SANTA ANA  
(ARRIBA)

Son antigas as primeiras referencias documentais relativas á igrexa de Castro, así temos varios documentos do século XII, recollidos no Libro Tumbo de Caaveiro, mosteiro que á postre sería patrono e collería os beneficios da dita parroquia. Pouco ou nada tería que ver este antigo edificio co existente

actualmente, xa que sufriu importantes obras arredor de 1770.

Máis que a propia igrexa, en Castro chama a atención a pequena capela que está ó seu



carón, chamada da Presentación de Nosa Señora. Foi fundada, segundo consta no arquivo diocesano de Santiago, por Juan Martínez Tenreiro en 1570, quen en datas posteriores dotouna con diversos bens e misas. No edificio destaca o escudo familiar da fachada, e no interior os dous enterramentos: o do fundador e o da súa dona María Piñeiro de Lago.

O edificio da igrexa e a capela sufriron importantes reformas arredor de 1770, cando se fixera de novo a fachada e a capela maior da igrexa, así como o corpo da capela, quedando os dous edificios comunicados por dous arcos de cantería. No interior da igrexa parroquial tamén hai un enterramento no chan da igrexa, trátase de don José Herrera de Montenegro, nado nesta parroquia e afincado en Valencia, quen pagou a capela do evanxeo en 1724.

En Bañobre temos varios edificios dignos de mención, aínda que non sabemos onde estaría o antigo alfolí do sal documentado no século XV –posiblemente no lugar da Tolda-, e do que fai mención Elisa Ferreira ó falar do comercio medieval (1987):

“...fasen e lievan el alfolly de la sal de Banobre, ques tierra del conde de Monterrey...”

Consérvanse en Bañobre varias construcións de relevancia como o Pazo da Casa de Bañobre, tamén coñecido como o Pazo dos Varela, que provén do morgado fundado polo rexedor e veciño de Betanzos, Lope García de Vilouzás e a súa dona María Ares de Figueroa. O pazo, está en total abandono desde hai bastantes anos.

A escasos metros do pazo está a capela de Santa Ana, fundada por Dona María Figueroa, en escritura feita ante Juan Pardo en 1509, na que dota a esta capela de varios bens para a súa conservación. Actualmente está integrada na estrutura dunha casa moderna, construída no último tercio do século XX. Os muros da antiga capela serven na actualidade para delimitar o salón-comedor. Conserva a fachada exterior, onde destaca o escudo da familia e a antiga porta de entrada, agora tapiada. A imaxe da santa levouna un dos descendentes da familia para a súa casa de México.

No mesmo Bañobre, en Currás, hai unha casa que ten outra pedra armeira –tamén está

abandonada-, na que aparece representado un cáliz coa Sagrada Forma, que segundo Rivadulla e Xosé Antón García (rev. *Brigantium*, 1981) pode que fose da familia dos Piñeiro. Dan tamén a noticia que a poucos metros había outro escudo do século XVIII, que o dono da casa vendeu a un señor da Coruña nos anos setenta do século pasado. Segundo nos dixeron, a casa era propiedade do vizconde de Espasantes.

Hai que citar, tamén en Bañobre, o pazo de San Paio que era dos Condes de Vigo, e que no 1947 foi donado por esta familia á Compañía de María Inmaculada, quen o adicou a escola fogar de nenas. O título de Conde de Vigo foille concedido en 1810 a don Joaquín Tenreiro Montenegro, pola súa participación na liberación da cidade de Vigo das tropas francesas (Martínez Barbeito).

En 1775 un membro da familia dos Montenegro, don Antonio Zabala Vermudez, fundou a capela de Nosa Señora da Concepción, que é coñecida popularmente como a "Capela de San Paio". No seu interior destaca o retablo barroco, todo dourado, que na súa parte superior ten a letra M da familia dos Montenegro. Celébrase cada vintecatro de agosto unha popular romaría á que asisten romeiros de toda a comarca. O santo, a pesares de ser tradicionalmente avogoso da castidade xuvenil, aquí en Bañobre era avogoso para as colleitas, así ofrecíase trigo e exvotos co fin de evitar o caruncho. Era costume coller unha presa do trigo ofrecido ó santo e mesturalo co que se ía sementar.

Manuel Lugris Freire publicou en 1922 (28 de maio) en "El Diario de Galicia" de Buenos Aires, uns versos referidos ó san Paio de Bañobre, aínda que descoñecemos a que se refería co "canto do santo" no ano cincuenta e nove:

*Canta, miña nena, canta  
que San Payo de Bañobre,  
cantouche que arrabeou  
no ano cincoenta e nove.  
(cantar do pobo)*



*O San Payo de Bañobre  
é un santo moi churrusqueiro  
que fai milagres a ducias  
sempre pos petos dos cregos.  
Din algunhas malas linguas  
(Ao dito dou pouco creto)  
que ten a cara moi dura,  
(¡vaya que ser é de freixo!)  
pois está amostrando as pernas,  
ben mal talladas por certo,  
e por máis que as rapaciñas  
xeitosas d'aquel concello  
míranos de fite a fite  
non hai ningún movemento  
que indique que s'avergonche  
d'atoparse d'aquel xeito. (...)*



IMAXE DO SAN PAIO DE BAÑOBRE (ARRIBA),  
INTERIOR DA CAPELA DA PRESENTACIÓN (ESQUERDA) E RETABLO DA CAPELA DE SAN PAIO (DEREITA). FOTOS VEIGA.

# Quo vadis, folclore?

Moncho do Orzán

O investigador Jose Luis Calle, no seu libro "Aires da Terra, la poesía musical de Galicia", propón unha clasificación dos distintos camiños que se teñen seguido na representación do noso folclore: a elaboración ilustrada (os grupos folc), o criterio estético enxebrista (os coros galegos) e a reprodución científica (pandereteiras e as máis das asociacións folclóricas). Velaquí a súa análise sobre este último dos criterios:

*"La aproximación que denominamos científica está marcada por el descriptivismo y el relativismo. Se recoge la melodía, se anota la localización del hallazgo y se valoran su antigüedad, sus posibles antecedentes y el grado de exactitud de los informantes. Cuando se cumplen unos requisitos definidos en estas variables, se procede a incluir el material en las catalogaciones y se reproduce ante el público de la misma manera que algunos de nuestros museos presentan, por ejemplo, la lareira o el telar."*

*El relativismo conduce a situar en un mismo plano al gaitero cuya prestancia fue cantada por Curros o Rosalía y al que, vestido de americana y sombrero, interpretaba las tonadas de moda en las ciudades. Se recogen con el mismo interés una polka y una alborada; una canción traída de la meseta se clasifica al lado del más puro de los alalás. Bajo la óptica del científico, ordenada por los desnudos ejes de espacio y tiempo, no hay empacho en vaticinar que los cancioneros del futuro habrán de mostrar, junto al ancestral canto de pandeiro, las melodías extranjerizantes que hoy atraen a las generaciones más nuevas."*

Desde 1993, ano de publicación do libro, até hoxe semella que as agrupacións folclóricas mesmo perderon a etiqueta "cientifista". Esa pretensión de non

modificar nada e presentar ao público as formas e os contidos "tal e como eran", xa dista moito do que hoxe fan. Decidiron tomar partido e modificar elementos e estéticas, algo que noutrora criticaron duramente dos coros galegos. O problema aparece cando esas modificacións son falseadas para tomar da tradición elementos foráneos e abandonar os máis idiosincrásicos da nosa cultura.

Exemplos disto son o abandono dos traxes de gala, onde a monteira e as polainas son substituídas por sombreiro e pantalón, ou o desinterese polos instrumentos autóctonos, que como tales levan séculos entre nós, premiando outros alleos coa desculpa de enriquecer a nosa música. Referímonos á incorporación de saxofón, clarinete, acordeón... que, sendo merecentes do noso máximo respecto en bandas de música e grupos folc, non teñen arraigo algún no folclore, en claro contraste cos cuartetos de gaiteiros que agromaron a centos polo País. Por non citar os "platicos" que Manuel María Puga Parga 'Picadillo' describe deste modo: "Una gaita con bombo y platillos que, como ustedes verán, es el colmo del modernismo, nos da serenata mientras comemos." [El Noroeste, 29-06-1907]. Lamentábelmente créanse "charangas tradicionais" (¿?) mentres a zanfona, por poñer un caso, dorme o sono dos bos e xenerosos nestas agrupacións.

A cuestión aínda se volve máis grave se atendemos ao repertorio: ritmos e melodías traídas da Meseta, implantadas sen ningunha peneira, mentres o alalá, xénero máis característico do noso patrimonio, nin aparece citado. Para moito daría este asunto onde a lingua tamén corre serio perigo de desaparición. As coplas en castelán ou castrapo forman hoxe en día o corpus principal das súas actuacións.

Poida que se trate dunha moda, como todas pasaxeira, mais o dano que fai ao patrimonio de noso é xa irreparábel. O resultado é impedir que o folclore poida ser unha ferramenta de reivindicación do que temos ao pé da porta.



## A fiandeira de C. Weiditz: galega ou dálmata?

Clodio González Pérez

Museo do Pobo Galego

No "Germanisches National Museum" -Museo Nacional Xermánico- de Nuremberg, custódíase un dos códices máis valiosos da indumentaria do século XVI, denominado *Das Trachtenbuch* (o libro dos traxes), debido ao escultor (sobre todo de medallas) e deseñador alemán Christoph Weiditz (Estrasburgo, 1498 - Freiburg, 1559). En 1529 veu a España acompañando ao tamén artista Desiderius Helmschmid para entregarlle a Carlos V a armadura que forxara o segundo, coñecida como a de Mühlberg, que aínda se conserva e que é a do cadro ecuestre do emperador do Tiziano do Museo do Prado (1548).

Weiditz aproveitou a viaxe para deseñar a indumentaria propia das xentes por onde pasaba o que puido coñecer por descricións ou deseños. Segundo a hipótese máis aceptada, saíu de Estrasburgo rumbo aos Países Baixos (12 láminas), dende alí a Hondarribia e, por último, desembarcou en Santander, deixándonos deste traxecto 33 deseños (un de Irlanda, dous de Inglaterra, un de Bretaña, tres de navegación, catro de Navarra e 22 de Cantabria e Euskadi). Seguiu por Valladolid ata Toledo onde estaba o emperador, sendo neste tempo cando fixo máis obras (40 de Castela, dúas de Portugal, unha de Galicia -dubidosa, como se verá-, 14 de indios americanos -guiándose por descricións ou copiando outros deseños-, unha de Sevilla e 18 de Granada -algúns investigadores coidan que puido estar nesta cidade-). Continuou por Zaragoza a Barcelona para saír cara a Francia por Perpiñán (2 de Zaragoza, 3 de Valencia e 19 de Barcelona).

Do seu paso por territorio francés quedan 12 deseños, do italiano cinco (dous de Xénova, un da Romagna e dous de Venecia) e, por último, un de Viena e dous da súa Alemaña natal. En total hoxe en día consérvanse 167 preciosas láminas a toda cor e con realces de prata e ouro, pero tal vez fosen máis que se perderían dende que as deseñou nas primeiras décadas do século XVI.

### AMOZA FIANDEIRA: GALEGA OU DÁLMATA?

Segundo a ordenación actual das láminas, quizais do século XVIII cando foi encadernado o códice, a 18 (numerada a lapis), ten o seguinte texto en alemán na parte superior que traducido vén dicir: *Así van as mulleres en Galicia (¿?) á casa das*

*fiandeiras e ao campo*. Os investigadores dubidan de se di Galicia ou non, por iso ao traducir esta verba adoitan poñerlle de seguido uns signos de interrogación.

Se a lectura xa de por si non é clara, aínda a escureceu máis o feito de que ao gravala o artista veneciano Ferdinando Bertelli para o seu libro *Omnium fere gentium nostrae aetatis habitus...* (Venecia, 1563), na cartela que lle puxo no chan, á súa esquerda, se lea: *Dalmatica vxor*, é dicir, muller dálmata. Amosando deste xeito que Bertelli sabía da obra de Weiditz, e que tendo en conta a proximidade de Venecia a Dalmacia, ambas as dúas



A FIANDEIRA GALEGA (?) DE C. WEIDITZ (1529-1530)



F.BERTELLI: MULLER DÁLMATA (1563)

no mar Adriático, non se pode rexeitar a posibilidade de que quizais o fixese con coñecemento da indumentaria desta rexión, que agora pertence maiormente a Croacia.

O que máis chama a atención desta moza é o tocado que leva con tres fusos con fío dentro dunha especie de chapeu e por debaixo unha cofia ou pano branco realzado con prata. Como adobío loce un colar de doas vermellas e grises azuladas e un colgante cunha central vermella e as seis do redor tamén grises azuladas. Viste camisa vermella e saia azul, realzada con prata e ouro, cinto vermello con ouro e mandil branco estreito con prata, e calza chapíns vermellos de sola grosa realzados con ouro e por debaixo medias ou calzas escuras.

Por último, na man esquerda porta a roca coa cuberta de forma cónica adornada con flocos de cor verde, mentres que a dereita tena caída cara abaixo e aberta.

Será galega esta fermosa moza deseñada polo alemán Weiditz a comezos do século XVI? Quizais se saiba de certo algún día, pero polo de agora non deixa de ser máis que unha suposición.



PORMENOR DA FIANDEIRA DE C. WEIDITZ

# E se, afim de contas, Deus existe?

Manuel B. Dans

Há cousa de um par de meses descobrírom-se numhas covas sudafricanas restos óseos de uns seres que, nom sem dificuldades, fôrom catalogados de Homos (a outra opçom consistia em metê-los no saco dos mais primitivos australopithecus). Ao tratar-se de um tipo de homínido inédito recebeu o título de Homo de Naledi, cuja antigüidade ainda fica por estabelecer. Como ocorre tantas vezes nestes casos umha das características que mais pesárom à hora dos qualificar foi a constataçom de praticarem soterra-



mentos: para a Antropologia a inumaçom está considerada um ritual religioso, de jeito que esta dimensom da natureza humana é a que lhe serve de peneira para separar, naqueles tempos tam recuados, proto-humanos de animais irracionais. Por isso resulta paradoxal que na atualidade, no pensamento dominante em Ocidente (quer nas elites científicas quer no comum da gente) se considere o sentir religioso um eco do passado oposto ao raciocínio e ao progresso, um atavismo pendiente de ser ultrapassado de cara a evoluir para um estádio que, ironicamente, nos empataria com os seres que naquelas alturas ainda nom eram humanos.

## AUGE E QUEDA DO MATERIALISMO CIENTÍFICO

Esta “involuçom”, se se nos permitir chamá-la assim, começou há relativamente pouco tempo, entre os séculos XVIII e XIX, quando a ciência newtoniana, ensoberbecida quiçá polos importantes avanços atingidos, e esporeada também polo gram dano que os dogmatismos religiosos causavam à

Humanidade, pretendia explicá-lo TODO através de umha filosofia materialista alcunhada Cientifismo ou Reduccionismo científico. Nesse TODO incluían-se conceitos até o momento sagrados, como eram Deus e Alma, aos que se pretendia degradar a simples ilusons. Porém, mal nom nascera o Reduccionismo, conclusons filosóficas (Kant) e experimentos científicos detectaram graves vias de água a asolagarem o navio cientifista. Por exemplo: nom havia neurocirurgiao capaz de localizar o recanto do cérebro em que se achava a nossa liberdade de decisom, singularidade que ainda hoje, com toda a nossa tecnologia, ninguém sabe onde é que fica realmente.

Ainda, no século XX, com a Relatividade de Poincaré (Eintein apenas fora um continuador), e sobretudo com os asombrosos e revolucionários achados da física Quântica, deuse-lhe a volta completa aos postulados cientifistas: já nom se considerava a matéria como criadora da consciência-alma; era esta última a que governava umha matéria que na verdade se tratava de energia (Plank). E a respeito de Deus, recentemente o físico e matemático R. Penrose explicava que as possibilidades do Universo e a vida nele nom só existirem, mas chegarem a tal grau de perfeiçom e precisom, som de umha entre dez elevado à 123 potência. Por outras palavras, as possibilidades da nossa vida e de todo quanto no orbe existe som tam astronomicamente infres e depreciáveis que se faz ridículo atribuir a criaçom do Cosmos ao azar, e sim, mais bem, a umha intencionalidade com umha ideia muito clara do que queria fazer e aonde pretendia chegar: nós (Fichte, Steiner, Popper).



## RELIGIOSIDADE COMO “DEBILIDADE”

Apesar de todos estes indícios que deveriam pelo menos fazer-nos repensar muitos dos nossos prejuízos reducionistas, seguimos mergulhados no cerne dele. Pode-se comprovar doadamente nas conversas cotiás: inúmeras pessoas guardam-se muito de manifestarem em público qualquer fenomenologia do espírito vivida (intuição, clarividência, relações interdimensionais, acessos extáticos...) para evitarem ser alvo de chanças e até de alheação social embora povos como o galego possuímos umha cultura sobrenaturalista.

Outras pessoas, mesmo as que se chufan das que se atrevem a falar, também experimentarom a devandita fenomenologia, mas nom a soubérom reconhecer no seu momento por causa do grau de aculturização espiritualista que o império reducionista obrou na sua mentalidade. De resultas atribuem estas manifestações de inteligência espiritual (S. Grof) a rarezas ou delírios, e confundem, por exemplo, viagens astrais com sonhos, ou sinais-sincronicidades (Jung) com simples casualidades.

## DOUTORES DA IGREJA MATERIALISTA

Mas nom só as pessoas comuns seguimos presas dos estertores do Cientifismo: também inúmeros cientistas teimam em “explicarem as regras do bilhar através do estudo das bolas”

(Smithers). Assim, ouvimos disparates tais como responsabilizar da infidelidade o gene do nomadismo; ou interpretar déjà-vus como sinal de demência; ou atribuir viagens astrais a cortocircuitos neuronais...

Outros muitos continuam a confundir as conseqüências de um fenómeno com as suas causas, que é tanto como dizer (por pôr um exemplo algo exagerado mas muito gráfico), que as pessoas com o coração grande têm tendência a praticarem esportes em troca de ser o exercício o que favorece o medrio da musculatura cordial. Têm fasquia de caricatura, de brincadeira, de umha burla feita por um de tantos “monstros de sobérbia”, como também chamavam os cregos aos críticos laicos nom versados em teologia. Mas igualmente nos achamos cá diante de um outro dogmatismo, tam irracional que nom é preciso ser cientista para se rir dele. E pensar que o Homo de Naledi, malmente um homínido, com o seu cativo crânio e o seu rosto de mono feio já sabia todo isto há centos de miles de anos!!

Menos engraçadas, infelizmente, som as aplicações do Reduccionismo à medicina, que ainda hoje segue a fazer diagnósticos nom holotrópicos (tendo em conta todo o organismo, mente incluída); que mantivo em vigor, durante tanto tempo, a psicanálise freudiana como terapia psicológica, hoje ao cabo em descrédito; ou, nalguns casos, a qualificação de “doentes mentais” a pessoas que nas culturas pré-industriais seriam consideradas candidatas a xamans.



FOTOS DANS

## Os Caneiros de Criado y Romero

Emilio Criado y Romero foi un avogado e xornalista extremeño nado en Cáceres. Formou parte da redacción de *El Heraldo de Madrid*, na etapa en que este diario tivo unha orientación republicana e progresista. Traballaba tamén en Unión Radio Madrid, onde levaba a sección de teatro do informativo "La palabra", creado en 1930. Debeu veranear no mes de agosto de 1935 na Coruña, a vulgar polas catro crónicas que foi publicando no seu xornal entre agosto e setembro dese ano: dúas adicadas á cidade da Coruña, unha a Sada e á figura de Suárez Picallo (que recuperamos para o número 9, outubro de 2014, de *Areal*, revista cultural de Sada) e esta á romaría dos Caneiros de Betanzos, publicada o 11 de setembro de 1935, todas elas asinadas como Criado y Romero.

Despois da guerra civil exiliouse en México, onde formou parte como secretario de redacción da revista *Tiempo*, fundada en 1942 polo mexicano Martín Luis Guzmán (quen fora director do diario madrileño *El Sol* e autor de "La sombra del caudillo" e "Las memorias de Pancho Villa, entre outras) e dirixida polo asturiano Ovidio Gondi, tamén exiliado. A Criado y Romero aludía deste xeito Sergio Candelas en *El Sol de Zacatecas* o pasado 19 de setembro de 2009: "Emilio Criado y Romero (abogado extremeño y periodista, más apegado a la verdad desnuda que haya tenido la vieja Iberia cuyas cenizas descansan en tierra mexicana)".

Criado y Romero pintou nesta crónica un Betanzos optimista, progresivo e festeiro en plena II República. XTR



CRiado y Romero caricaturizado por Sirio  
HERALDO DE MADRID, 18-IX-1930

### Por terras galegas "Os Caneiros" de Betanzos

**B**etanzos é un dos máis fermosos pobos de Galicia. Ollándose nas tranquilas augas do Mandeo e arrolado polas ondas azuis da ría, ten o arruallo e o porte do fidalgo que soubo amasar glorias para os seus descendentes e que noblemente abriu as portas do seu corazón ao desvalido.

Pai de todos os pobos galegos deu a estes a savia das súas virtudes, o brillo do seu ouro, o froito madurecido das súas hortas, o néctar callado dos seus queixos, as fontes de riqueza da súa pesca e dos seus gandos, a poesía dos seus horizontes, o perfume de tenrura das súas mulleres... E con todo iso unha historia longa, chea de xestas heroicas.

No espello adormecido do Mandeo óllanse aínda as torres centenarias e os palacios brasonados, restos magníficos daqueles outros tempos, e as ondas da ría bordan con música e escumas o festón rumoroso do romántico e evocador pobo fidalgo, recostado na esmeralda de fértiles prados, adormecido na súa vellez, cheos os oídos

de romances e lendas que falan de glorias e poderíos mesturados con rezos de pelegríns anceiosos de bicar a terra santificada de Iria Flavia.

—

Mais Betanzos non vive só do seu pasado espléndido. Hoxe é unha cidade rica, industriosa, emprendedora. A súa ría dá para vivir a centenas de familias e o seu comercio é próspero. Eu teño contemplado Betanzos na "súa propia salsa", en día de mercado, tapizadas as súas prazas e as súas rúas pinas de tenderetes, cheas de postos nos que se ofrecen os máis diversos e raros obxectos e os produtos todos da terra galega, sen esquecer, naturalmente, o gando. Caía do ceo chumbizo, e baixo unha espesa néboa, abondosa, unha chuvia menudiña, fresca, tranquila, intermitente, que perlaba a roupa das xentes coas súas gotas cristiñas e envolvía nun gris maravilloso o conxunto singular daquel cadro de arroubadora beleza típica.



VISTA DE BETANZOS.  
(ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS).

Corre, salta a prata naqueles tenderetes de panos, pans, queixos, embutidos, graos, coiros, cestos, caldeiros, arreos e apeiros de labranza e brinca e circula entre os porcos e as vacas levados á venda e ao cambio. Betanzos non vive só do seu pasado espléndido. O tempo segue a súa marcha e o pobo non se detén moito na contemplación dos seus pergamiños. Velaí están os seus palacios timbrados de nobreza; mais aí están só para admiración do visitante da cidade, porque en Betanzos fíxose do turismo unha nova industria que se cuida con esmero. E o palacio do Arquivo, as fermosísimas igrexas románicas, a praza do Campo, as arcadas das vellas portas da poboación son amosados con orgullo ao recién chegado.

—.—

Os monumentos arquitectónicos – verdadeiras xoias de arte, catalogadas en guías turísticas e manuais descriptores de España–, cos costumes típicos da comarca constitúen os principais atractivos de Betanzos. E entre todos eles o da romaría a “Os Caneiros”, que ten lugar todos os anos o día 18 de agosto nos verxeis dun prado así denominado. De toda a rexión van milleiros de persoas para asistir á súa tradicional xira. De Ferrol, da Coruña, de Sada, de Fontán chegan embarcacións pola pintoresca ría con romeiros. Betanzos engalánase para a festa. Están empavesados os molles e todo o pobo, xubiloso, trasládase polo río Mandeo a “Os Caneiros”. A maioría das numerosas embarcacións van cheas de flores e grilandas. Nos prados hai bailes con gaitas e tamboril, débúllanse cancións vellas de puro

sabor galaico, e a clásica empanada de sardiñas, regada con bo viño do Ribeiro, é manxar excelente para todos os padais [...falta unha liña que non se pode ler no orixinal consultado]

Festa rural se non se cubrise cun singular colofón. No solpor retórnase a Betanzos. E o río brilla, vístese de mil reflexos e arde con luces de marabilla. As barcas encenden as súas antorchas, os seus faroliños, e a ledicia, sazónada polo mosto e o ambiente, desbórdase en poéticas cancións. Arrecende a regocixo popular, ábreanse os pulmóns co perfume dos piñeiros que bican as beiras do río e das fortes emanacións das augas, e a gaita galega, doce, chorona, acaricia cos seus lamentos o ar e este penetra deica as almas como un bálsamo benfeitor, cargado de melancolías. Sorprendente espectáculo, que doe de pracer na médula e no corazón! Fan carneiros as ondas do río en zigzag de mil cores, e polo topacio do ceo rubrican con lume irisado foguetes e bengalas. Volven lentas as barcas como ensoñadas pola grandiosidade da festa, e os que van nelas e non saben cantar, porque os deixou mudos a emoción, créense quedos nun remanso da vida, arrolados pola vida, embruxados nun éxtase do tempo e do espazo...

E aló, ao fin, a cidade, engalanada, briladora, saca do arroubamento, sen esaxeración un pouco místico, a quen retorna da xira.

Ouh, “Caneiros” de Betanzos, nunca vos poderei esquecer!...

Betanzos, setembro 1935



ESCEA NOS CANEIROS.  
(ARQUIVO MUNICIPAL DE BETANZOS).

## Proxectos personalistas reinventan outros xéneros e disciplinas

Xosé Luis Sobrino

Neste número veremos a proposta de tres músicos que encardinan ben en grupo ou a nivel individual, a mestura de xéneros musicais tradicionais ou doutras latitudes, cunha visión persoal e conceptual de por onde debe ir a música, así como a amalgama doutras propostas artísticas como a literatura, coa música máis vangardista ou rupturista.

### Apenino “Viravolta”

Estamos ante un dos grupos pioneiros do indie pop galego. Marco A. Maril que se iniciou nos anos noventa en grupos como Hemisferio Izquierdo, obtendo algo máis de popularidade con Dar Ful Ful (dúo que editou un único álbum no 2001, que supuxo un éxito de crítica e co acadou tocar no FIB e no Primavera Sound).

Voltando ao proxecto de Apenino, del podemos decir que está a funcionar dende o ano 2003, practicando un electro-pop intimista. Viravolta representa o sexto traballo, que se abre co tema “Conversa ultramarina”, unha canción que como non podía ser doutro xeito leva a marca da casa, electropop intimista, suave, sinxelo á vez que complexo e capaz de crear atmosferas íntimas. “Conversa ultramarina” pode parecer unha canción de amor máis ou menos sinxela, pero no fondo agocha sentimentos complexos, influidos pola literatura de Lois Pereiro e pasaxes de mar e salitre con campos electromagnéticos de fondo. O propio autor recoñece que este tema está inspirado no libro de Lois Pereiro do mesmo título, no que o poeta galego mantén unha relación epistolar coa que fóra a súa moza, Pilar, cando ela se vai a San Francisco e el vive os seus últimos días. “Encantame a obra de Lois e esta, aínda que non é súa obra máis coñecida nen considerada, resultame estremecedora. Unha historia de amor/desamor brutal, plasmada nuns textos conmovedores. A canción compúxena, dende o inicio, buscando unha homenaxe ao autor” recoñece Marcos. O tema “Atlántica” segue a mesma liña, se ben nun ton máis optimista. Outros 5 temas dan forma a este proxecto “Esfuerzo íntimo”, “Opresión”, “La leyenda del tiempo”, “Todo aquilo” e “La estafa social”. Nesta labor de profundizar no intimismo con mensaxes e son actuais, acompañáno Eva e Iván de Linda Guilala, acompañantes de Apenino en directo e artífices do son do disco; Mónica Vacas, voz




nalgunhas cancións e coprotagonista da magnífica versión de “La leyenda del tiempo” e tamén Arturo Vaquero, na mestura e masterización e na grabación de baixos.

### Hugo Arán “Anuario”

Este é un disco onde predomina a linguaxe íntima e sinxela. “Anuario” é un pequeno disco, cargado de pilulas para facernos máis levadeira unha tarde morriñenta de outono ou unha primavera cargada de expectativas. Música en suma para soportar un mundo que xira cada vez máis rápido e que ás veces pide a berros que nos deteñamos e disfrutemos algo do silencio e das melodías suaves.

Hugo Arán é un músico barcelonés de 35 anos que amosa un regosto especial polos ritmos brasileiros (bossa nova, baião). Non é algo extraño, pois este autor xa visitou no 2004 as terras máis alá do océano, buscando impregnarse da arte de Chico Buarque, Marcio Faraco ou Antonio Carlos Jobim.



De seguro, a súa aprendizaxe coa guitarra veu da man destes referentes. “Los límites del hombre” é un exemplo clarísimo. Iso si, un é de onde é e a mediterraneidade tamén agroma no seu traballo.

“Anuario” xa de primeiras ofrece unha voz doce, cálida e unha produción notable a cargo de Aure Ortega e Carlos Narea. Deseguido, un lirismo de observador sensible e atento sumado á presenza de músicos de distintas pelaxes contribúe a desmarcalo desa escea de cantautores nacionais en ocasión con letras e lugares demasiado parecidos. No caso de Hugo Arán teríamos que cruzar o océano para buscar similitudes como poderían ser o uruguaio Jorge Drexler, o dominicano Alex Ferreira ou o brasileiro, Márcio Faraco.

Sen conseguir cautivarnos inmediatamente, cancións como “La siesta”, “Hemisferios”, “Partido en diferido”, “Última hora” ou “Fea” van calando e crean expectativas agradables, que fan que desexemos unha nova escoita máis repousada para atrapar os matices que dificilmente se apreciarán na primeira audición do disco. Outros temas como “Muerte súbita” fan que vexamos a evidente admiración de Hugo Arán polos ritmos cariocas, fomentando o noso disfrute cun tema de excelente factura a ritmo de bossa nova.

Sen présa pero sen pausa, como nas súas cancións poderemos disfrutar dos ambientes cálidos que nos ofrece a través dos doce temas que comprende o disco. En suma, sensibilidade da canción de autor latinoamericana matizada pola mirada dun músico catalán.

### **Nelson Quinteiro “Orquesta Gharbo”**

Estamos afeitos a propostas nas que a música tradicional é reinventada ou recreada por artistas máis novos.

É o caso deste artista cangués e multifacético (actor, cantante, bailarín, director de escea, etc) que edita o seu primeiro traballo discográfico a partir do espectáculo Gharbo! (co-producido hai un par de anos co Centro Dramático Galego) e a suma doutras

experiencias musicais súas.


Composicións tradicionais do país son levadas cara ao pop, o tango, sons “bravú”, arábigos ou música trovadoresca, doutros países da lusofonía (Angola, Cabo Verde, Portugal...) e mesmo Euskadi coa versión de “Haize Hegoa” (de Mikel Laboa a partir dun poema de Telesforo Monzón). Para isto apóiase nos arranxos do guitarrista Álex Lorenzo e o labor de músicos coruñeses, cidade onde reside, como Fran Castro (teclado e baixo), Pulpiño Viascón (zendrum, serrucho e percusións) e “Dubi” na flauta traveseira e os saxos soprano e tenor).

A música da Costa da Morte aparece recollida e revisiónada en dous temas, “Baldaio” e “Sofán”, temas recollidos no seu momento por un dos integrantes de Fuxan os Ventos. A visión personal de Quinteiro vese nestes casos, aplicando ao tema “Baldaio”, arranxos con cortes de latin jazz e flamenco, mentres que para o de Sofán opta por uns acordes de baixo, que adiantan como os ritmos tradicionais se fusionarán con concepcións máis actuais desta música.

O artista ten recoñecido que parte “do principio de Isaac Díaz Pardo: si queres ser orixinal, bebe das raíces”. E que quixo “darlle unha volta ás realidades asumidas. As voces ou as persoas que toquen a pandeireta, por exemplo, non teñen que ser necesariamente mulleres”, segundo el mesmo indica.

Temos un disco de debut con bos momentos e colaboracións, como Silvia Penide emocionando en “As mans perdidas”, o “Tango da Illa de Ons”, os coros de María de Faltriqueira en “Canto de andar o camiño”, a reivindicación do angolano Waldemar Bastos na versión do seu “Sofrimento-Angola”.

Proposta novedosa que pode marcar algúns camiños á hora de afrontar a concepción da música tradicional nos nosos días; adaptado tamén aos tempos foi a súa financiación, pois o álbum financiouse en parte mediante unha campaña de micromecenado e foi gravado nos estudos da Fundación Autor SGAE de Santiago de Compostela.



# As novas que nos chegan

Baraxeiro

**ALDEA LONXANA** é o novo poemario (aínda sen distribuir) do escritor brasileiro **Luciano Maia**, colaborador noso, que recolle “Dez poemas galegos” escritos polo autor en varias etapas, a última na súa recente viaxe a Galiza e Compostela en xaneiro deste ano, e dedicados aos amigos da revista *A Xanela* e á escritora brasileira de ascendencia galega Nélida Piñón. Ademais o poemario recolle case medio cento de “Outros poemas”, a maioría na armazón clásica do soneto, polo que sente querencia o poeta de Fortaleza.

O libro, cunha fotografía da aldea betanceira de Roibeira na capa, leva un prólogo do autor e “Unhas verbas para os dez poemas galegos de Luciano Maia” de Xesús Torres Regueiro, coordinador desta revista, quen nos di que “Poemas galegos pola lingua e polo contido son estes que nos ofrece o poeta de Fortaleza aos galegos e galegas, a Galicia en definitiva. Poemas que dialogan dalgún xeito con aqueles xa míticos seis poemas galegos do mozo de Granada”. A edición é da Asociación Cultural Eira Vella, e a impresión realizouse no Brasil, por desexo do propio autor, quen conta estar presente na súa presentación no vindeiro mes de xaneiro.

**A REPÚBLICA DA BERXA. ANTONIO GÓMEZ CARNEIRO E O SEU TEMPO (1899-1979)**, de **Manuel Pazos Gómez** é unha documentada biografía deste personaxe que viviu boa parte do século XX participando activamente e sufrindo as etapas históricas que lle tocou vivir: emigrante en Bos Aires, impulsor dunha escola e biblioteca no seu concello natal de O Pino, pai de familia numerosa, pequeno industrial emprendedor na Berxa (Mesía), alcalde do concello de Mesía en dous períodos breves da II República, agochado durante seis anos a raíz do golpe militar, procesado, acusado de colaborar coa guerrilla antifranquista e condenado a prisión seis anos. Conta cunha introdución de Emilio Grandío Seoane e anexos de Paula Fernández Seoane e Gonzalo Veiras Carneiro. A edición é da Asociación Cultural Obradoiro da Historia, con sede en Ordes e presidida polo autor, co patrocinio da Mancomunidade de Municipios da comarca de Ordes.

**MEMORIA DE OROSO**, revista do Arquivo histórico de imaxes do concello de Oroso, sacou o seu primeiro número neste 2015, desenvolvendo a memoria próxima deste concello e das súas xentes a través de fotos e documentos aportadas polos propios viciños, recollendo seis temas neste número inicial baixo a responsabilidade do historiador local Manuel Pazos Gómez: Sigüeiro de onte a hoxe; Cinco persoeiros históricos do concello de Oroso; San Román, o santo milagreiro; José Antonio Noya ou a paixón polo Sigüeiro F.C.; Documentos da familia Garrido, e Fotos con historia.

**PIM - POEMAS DE IRONIA E MÁ-LÍNGUA** é o novo poemario do escritor portugués **Cristino Cortes**, quen ten colaborado en *A Xanela*. Publicado en Lisboa en maio de 2015, abre e pecha con epígrafes de Camões e conta con tres apartados (Observacións, Imaxinacións e Teorías e homenagens) que alían series de poemas (algúns teñen máis de unha versión ou ben comparten título) libres e desprexuzados, irónicos, non exentos dunha leve melancolía, e un chisco rebeldes. A sombra das vellas cantigas de escarnio, e do provocatorio PIM do título, onomatopeia que inza e remata o célebre manifesto Anti-Dantas que marcou o inicio do movemento futurista en Portuga hai un séculol, para sobre todo o poemario. Leva un prefacio da doutora Annabela Rita. A edición é de Calçada das Letras.

Aldea Lonxana




Luciano Maia



A República da Berxa  
Antonio Gómez Carneiro  
e o seu tempo (1899-1979)  
Manuel Pazos Gómez



Memoria de Oroso



CRISTINO CORTES

Poemas  
de  
Ironia  
e  
Má-lingua

Calçada das Letras



**CONTOS ESCOLHIDOS** é o outro libro que nos chegou do amigo e colaborador **Cristino Cortes**. A selección recolle na primeira parte contos de *Relances de maré e vida* (1998); de *Novos relances de maré e vida* (2003), a segunda; de *Publicações periódicas*, a terceira, e aínda unha cuarta de *Inéditos*. A selección e prefacio é da profesora Isabel Ponce de Leão quen destaca: “Brevidade, linearidade, concentración accional, redución espácio-temporal, economía de personaxes são ritos da arte destes contos que aquí se erigem como fragmentos expresivos de un todo que sugeren e aludem”. A lisboeta Edições Piaget é a responsábel da edición.


**OS CRUCEIROS MÁIS SOBANCEIROS DA COSTA DA MORTE II**, de **Manuel Vilar Álvarez**, é un documentado estudo dos cruceiros da Comarca de Fisterra e concellos de Mazaricos e Carnota. Editado polo Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte neste 2015, está amplamente ilustrado con fotografías (algunhas demasiado pequenas), rematando cun plano final no que se localizan os 66 cruceiros estudados nos concellos de Fisterra, Corcubión, Cée, Muxía, Dumbría, Mazaricos e Carnota. Como di o propio autor: “O cruceiro é un elemento significativo da nosa cultura. Arredor do cruceiro fóronse xerando relacións sociais, historias de vida, lendas, que axudaron a erguer unha cultura e a que esta perdurase no tempo. Interesan as imaxes e a súa calidade artística, pero interesa o cruceiro como soporte dunhas vivencias que xeraron identidades e contribuíron á construción histórica dunha paisaxe.”

**O HOME QUE SABÍA VOAR** é unha novela dirixida ao lector infantil e xuvenil do escritor betanceiro **Xabier López López**, editada por Tambre na súa colección Ala Delta e ilustrada por Jacobo Muñiz. A historia que nos presenta o autor, en 40 capítulos breves, ambientada no máxico mundo circense clásico e nos inicios da aviación, adubada por un humor irónico, ben pode ser degustada por un leitor adulto que non tema voltar (e voar) á infancia mentres le. Sansón Lamparte, o “home que sabía voar” dende neniño no circo onde nacera, que asombrara multitudes en América coa súa rara habilidade, abandonou esa actividade para facer o resto da súa vida cousas “normais”: casar, ter fillos, escribir libros sobre os temas máis variados, aprender idiomas, manter en pé o circo da infancia, moitas obras filantrópicas... para ao final dos seus días ser recordado apenas como “o home que sabía voar”.

**FIN DE FESTA** da escritora de Corme **Diana Varela Puñal** é unha novela formada por un conxunto de relatos curtos que retratan unha serie de personaxes dunha vila da nosa costa, Xuvino na ficción, “homenaxe ós feos, ós perdedores, ós desposuídos”. Entremedias destes retratos, e iniciando e pechando o libro, paira ao longo de quince capítulos a figura omnipresente da moza Susi Arnela, paradigma dunha xuventude destruída pola droga. Editada por Edicións Laiovento, que está a celebrar o seu 25 aniversario, esta obra acadou o Pedrón de Ouro 2015.

**PARADA EN BETANZOS** recolle as fotografías que o coruñés **Francisco Pillado González** realizou en Betanzos nos anos cincuenta, percurando os recunchos populares e os trafegos da xente máis que a monumentalidade da cidade. As fotos orixinais de Pillado vense contrastadas coas que reflicten a realidade actual que non se pode dicir mellorase esteticamente. Alén dunha introdución de Xesús Torres, conta con pequenos comentarios dun par de ducias de veciños. A edición é de Biblos Clube de Lectores que festexou con esta obra o segundo aniversario da apertura da súa librería en Betanzos.

**DiVersos**, revista portuguesa de **Poesía e Tradución** recolle no seu número 22 poesía de autores de onte (Francisco de Quevedo, Gabriela Mistral, Giorgos Seféris, Nikiforos Vrettakos) e de hoxe (Ana Estaregui, André Argolo, Cristino Cortes, Edith Södergran, José Carlos Breia, Nuno Rebocho, Nuno Santos Carneiro, Paula Pego, Rodolfo Alonso e Vergílio Alberto Vieira), en edición bilingüe no caso de autores en linguas diferentes á portuguesa, con destaque para Quatro poetas de Angola: Carlos Ferreira, David Capelenguela, Gociante Patissa e Lopito Feijóo. Edita Edições Sempre-em-Pé.



**Lanzós**  
BAR · CAFÉ

Betanzos



B E T A N Z O S



SOPORTAIS DA FONTE DE UNTA, 10  
B E T A N Z O S



Plaza Alfonso IX, 10  
Teléfono 981 770952 · BETANZOS

**dp**

movil  
695 269 485  
fax-tel  
981 77 45 19  
Rúa Venezuela 11- 13 Acoo eza,  
15300 B E T A N Z O S (A Coruña)  
oficina.doporto@coeatac.com

**do porto**  
santos

X. Isidro

Arquitecto  
Técnico

Técnico Superior en PRL  
Agente de la Inspección y Mediación

**Ollós**  
GABINETE OPTICO

Rollo, 21  
Betanzos  
info@ollós.net  
Tlfno. 981 775 194

PAPELERÍA · LIBRERÍA · REGALOS · IMPORTACIÓN

**ESTANCO**

Valdoncel, 91 (Ponte Nova) · Tel. 981 770201  
BETANZOS

**FERRETERÍA**  
**ROQUE**  
**MENAXE**

MATERIA ELÉCTRICO

Distribuidor: CAMPING-GAS  
COPIA DE CHAVES  
CERRALLERÍA · FERRAXES  
Avda. Xesús García Naveira, 36  
Tel. 981 773253 · BETANZOS

**aulanova**  
ACADEMIA

CENTRO HOMOLOGADO  
XUNTA DE GALICIA  
FORMACIÓN OCUPACIONAL

R/ Rollo, 32-baixo  
15300 Betanzos  
Tel./Fax 981 77 30 07  
aulanovabetanzos@gmail.com

R/Valdoncel, 16  
15300 BETANZOS  
Teléfono 981 774798

**MARÍA LÓPEZ JUNQUERA**  
**JORGE DÍAZ SÁNCHEZ**

clínica veterinaria  
valdoncel



**casanova**  
**Casa de Comidas**


Teléfono de Reservas 981 77 55 00

Rúa Ferradores, 21  
(Soportales del Campo)  
15300 BETANZOS  
(A Coruña)





## EIRA VELLA



Asociación Cultural  
BETANZOS

MIGUEL ÁNGEL BERMÚDEZ RODRÍGUEZ  
ALFREDO ESPADA ÁLVAREZ

RÚA PINTOR SEJO RUBIO, 23 C  
981 77 02 49 - 609 85 88 45  
eysergalicia@yermo.es  
www.eysergalicia.biz

ENXEÑERÍA E TOPOGRAFÍA  
EYSER GALICIA S.L.

TOPOGRAFÍA EN XERAL  
MEDICIÓN DE FINCAS  
PROXECTOS  
INFORMES


PARTIXAS  
VALORACIÓNS  
ASESORAMENTO TÉCNICO  
DOCUMENTOS DE COMPRA-VENTA  
CORRECCIÓN DE ERROS NO CATASTRO  
ALTERACIÓNS NO CATASTRO - FÍSICOS E XURÍDICOS

**CASA DO QUEIXO**

☎ 663 977 617

www.casadoqueixo.com  
casadoqueixo.betanzos@hotmail.com

C/ Roldán, 1 · 15300 BETANZOS (A Coruña)



EIRA VELLA



*Asociación Cultural*  
BETANZOS